

## PLAN ANUAL DE LECTURA 2023-2024

### 1. O fomento da lectura.

Segundo a Real Academia Galega (RAG) "lectura" (termo clave neste plan) consiste na acción de ler e interpretar un texto. Iso significa que o fomento da lectura ten que vir da man do traballo da comprensión do que se le, aspecto moi importante para a vida diaria e non só a académica, e a isto súmalle a relevancia do desenvolvemento da capacidade crítica para cuestionarse a información que se ten diante. Na actualidade, a sociedade le bastante a través de dispositivos electrónicos, como a prensa ou as redes sociais, pero somos lectores/as críticos/as coa información que se nos presenta?

Este Plan Anual de Lectura vai reflectir as actuacións que se van levar a cabo durante este curso para traballar o fomento da lectura, a escritura, a oralidade e a expresión e comprensión, tanto por lecer como coa intención de recompilar información para tarefas integradas, investigación.

A nivel xeral a biblioteca vai desenvolver algunas medidas máis relacionadas cos ámbitos da organización e xestión dos recursos e a súa dinamización e promoción, a formación de usuarios, a contribución ao desenvolvemento do currículo e a adquisición das competencias..., pero estas xa están recollidas no Plan de Biblioteca e no Proxecto Lector de Centro (PLC).

### 2. Obxectivos.

Os principais obxectivos que se terán en conta son:

- Mellorar a formación de usuarios e levala a cabo con toda a comunidade educativa.
- Dinamizar os recursos que ofrece a biblioteca.
- Dinamizar a lectura.
- Dar a coñecer algúns/has autores/as.
- Fomentar tarefas integradas.



- Saber buscar e seleccionar a información.
- Favorecer a comprensión de textos.
- Promover a creación de textos orais e escritos de forma coherente.
- Favorecer o desenvolvemento de lectores/as críticos/as.
- Propiciar situacións que favorezan a creatividade.
- Favorecer o acceso, o desenvolvemento e a comprensión de materiais diversos a toda a comunidade educativa.

### **3. Recursos.**

#### **3.1. Espaciais.**

A biblioteca escolar ten un espazo reducido, de aí que teñamos unha biblioteca distribuída. O espazo central da biblioteca confórmase por zona de xestión e préstamo, de lectura informal e en pequeno grupo, traballo en gran grupo e recuncho TIC con dous ordenadores e dous Ipads. Despois temos unha aula na que se traballa a creación audiovisual e noutro lugar atópase a radio escolar.

En canto os recursos en préstamo, estes non só se sitúan na biblioteca central. Hai unha sección para o profesorado na entrada do centro e en cada curso e aula especialista hai a respectiva biblioteca de aula con recursos adaptados (ao nivel lector e as temáticas relacionadas coas pequenas investigacións que realizan) ao grupo concreto.

Tamén temos a bibliopatio. Ademais de estar a biblioteca aberta nos recreos, o voluntariado sae ao patio de primaria e de infantil cuns carros con recursos para que o alumnado poida usalo ao aire libre.

#### **3.2. Temporais.**

O horario de apertura a todo o alumnado é durante o tempo do recreo:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES



RECREO 10:55 a 11:25	RECREO 11:50 a 12:20	RECREO 11:50 a 12:20	RECREO 11:50 a 12:20	RECREO 10:55 a 11:25
	RECREO 14.45 a 15.20	RECREO 14.45 a 15.20	RECREO 14.45 a 15.20	

Agora ben, a parte dos recreos, cada curso ten asignada 1 ou 2 sesións semanais para que poidan ir co/a seu/súa titor/a ou profesorado especialista. As familias poderán visitarnos de 9.15 a 10.00 h dos martes e venres e o PAS acceden durante os recreos e nesas sesións nas que veñen as familias.

### **3.3. Materiais**

A biblioteca acolle material impreso: informativo, como libros, revistas, materiais de producción propia...; e de ficción, con teatro, banda deseñada, poesía e narrativa. A porcentaxe que se recomenda (60% - 40% respectivamente) non a temos e áinda estamos lonxe de chegar ela, pero unha das nosas metas e mellorar durante este curso esa porcentaxe.

A nivel tecnolóxico contamos con dous Ipads, dous portátiles para o alumnado e outro portátil para a xestión dos recursos da biblioteca, robots, un proxector, mesa de son, micrófonos e outros recursos para creación audiovisual en croma.

### **3.4. Humanos**

Os recursos humanos que van a dinamizar a biblioteca son o equipo de biblioteca composto por 5 persoas, incluíndome a mi como responsable, e o grupo de voluntariado conformado polo voluntariado de 5º e 6º de EP.

## **4. Actividades.**

Realizaranse varias actividades ao longo do curso, algunas serán puntuais e áinda non están definidas, como concursos, preguntas de resolución creativa,

celebracións (día das bibliotecas, día do libro, día da ilustración...), etc. Outras serán anuais e xa están concretadas e explicaranse a seguir:

- **Proxecto Documental Integrado (PDI).** O PDI deste ano céntrase na cociña e irá relacionado co ODS 3 Saúde e benestar, buscando fomentar unha alimentación saudable na cativada; traballar a igualdade no mundo da cociña, 5 Igualdade de xénero; e visibilizar o comercio local, o mercado, os restaurantes do lugar..., 12 Produción e consumo responsable. Ademais de ter presentes os ODS, tamén se pretende traballar o pensamento creativo e unificar as accións do colexio cun mesmo fío condutor.
- **Formación de usuarios.** Ao longo do curso irase formando á comunidade educativa sobre diferentes aspectos que implica a biblioteca. Para comenzar, aos/as tutores/as irán co seu alumnado á biblioteca e ensinaranlle a moverse polo lugar, explicando as normas e as diferentes seccións que hai. Máis adiante repasaremos a CDU, faremos marcadores, farase autoempréstito...
- **Actividades de lectura.** Durante o curso dinamizaranse diversas actividades que promovan a lectura, agora ben as que van estar ao longo do curso son:
  - **Hora de Ler.** Dado o beneficio que implica esta actividade dedicarase diariamente un tempo a lectura (ficción ou informativa) na clase, ben sexa a nivel individual con libros da biblioteca de aula, do propio alumnado, dos repetidos que temos na biblioteca...; como compartidas con lecturas grupais, contacontos, etc.
  - **Plataforma de préstamo E-Elbe2.** Neste primeiro trimestre o profesorado accederá a esta plataforma de lectura dixital e aprenderá a andar con ela. Nos seguintes trimestres valoraremos como seguir avanzando neste espazo virtual.
  - **Maletas viaxeiras.** Solicitáronse 3 maletas viaxeiras ao CFR de Ourense, 1 por trimestre, para que todo o centro poida fazer uso delas. No 1º trimestre é "lectura e diversidade", no 2º trimestre "banda deseñada" e no 3º trimestre "biblioteca creativa".

- **Mochilas viaxeiras de lectura.** Cada aula ten unha mochila viaxeira que inclúe un xornal do Papagaio, un libro informativo sobre cociña (tema do presente PDI), un libro de banda deseñada (temática que promove a asesoría neste curso), un libro de narrativa e as normas nun arquivador no que rexistrar as lecturas.
- **Itinerarios lectores.** Cada trimestre a biblioteca ofrecerá unha posible lectura para os distintos cursos. No 1º trimestre a lectura que a escoller partirá dos libros repetidos que hai na biblioteca; e no 2º e 3º trimestre o alumnado mercará o seu libro. No 2º será en castelán e no 3º en galego.
- **Club de lectura.** Achegarase unha guía para que o profesorado que realice a lectura dos itinerarios lectores poida convertelo nun club de lectura, se o considera oportuno.
- **Caixa de libros para préstamo de aula.** Na biblioteca cada mestre/a (titores/as e especialistas) ten unha caixa na que meter libros en préstamo para levar as bibliotecas de aula. Cada caixa ten que levar tantos libros como alumnado hai na aula.
- **Lecturas compartidas.** Os venres da biblioteca son coñecidos como os "venres silenciosos" para que nese día aparezan as lecturas compartidas promovidas polo voluntariado de biblioteca. Esas lecturas irán dirixidas ao alumnado que vaia visitar nese día o espazo.
- **Bibliopatio.** Na semana haberá 2 recreos co servizo bibliopatio, os xoves será para primaria e os martes para infantil. O voluntariado da biblioteca irá ao patio co servizo de bibliopatio (un carriño con libros) para que o alumnado que estea por alí poida ler nese tempo.
- **Préstamo de libros.** Durante os recreos o alumnado que queira pode ir buscar ata 3 libros en préstamo.
- **Biblioteca para as familias.** A biblioteca do centro abrirase ás familias na mañá do martes e do venres de 9.15 a 10.00 h.



- **Contacontos familiar.** Falarase coas familiar para intentar facer algúns contacontos familiar ao longo do curso.
- **Equipo de voluntariado de 5º e 6º de Educación Primaria.** A biblioteca ten un grupo de voluntariado de 5º e 6º de EP o cal vai axudar a dinamizar e coidar os recursos e os espazos deste lugar.
- **Caixa de suxestións.** Hai unha caixa de suxestións na biblioteca, para que a comunidade educativa nos dean ideas de posibles recursos a mercar.
- **Escritura da revista anual do colexo.** Dende o EDLG e a biblioteca promóvese a escrita conxunta dunha revista anual.
- **Editaranse boletíns e recomendacións lectoras e guías de lectura.**
- **Hospital de libros.** Tense unha zona dentro da biblioteca para colocar os libros estragados e intentar arranxalos.
- **Hora de biblioteca.** Cada mestre/a ten unha ou dúas horas á semana para ir a biblioteca.
- **Outras actividades:** nas aula trabállanse pequenas investigacións, fanse lecturas e comprensión de textos, coñécense os diferentes tipos de textos e realizan escritos...

## **5. Seguimento e avaliación.**

O procedemento a ter en conta para realizar a avaliación basearse no uso de técnicas de observación sistemática e o uso de cuestionarios. Os instrumentos serán escalas de observación e estimación numérica e cuestionarios de resposta aberta.

Na avaliación inicial realizaremos unha enquisa "biblioteca escolar e hábitos de lectura" ao alumnado; ao profesorado outra enquisa para que valore como usa a biblioteca e un formulario de recollida de datos, na que valore e nos reflecta necesidades, intereses e dificultades da aula; e ao equipo de biblioteca un cuestionario para recoller a situación actual da biblioteca escolar. A partir de aí, nós, como equipo de biblioteca, xestionaremos unha ruta de actuacións para mellorar os puntos débiles. A avaliación continua das actividades realizarase nas reunións. A avaliación final consistirá en volverlle

**Crit.** Elaborar o proxecto da nova biblioteca.

pasar ao claustro unha enquisa do uso da biblioteca ao longo do curso e o equipo de biblioteca realizaremos unha escala de observación e estimación numérica sobre a consecución dos obxectivos propostos. Os criterios (Crit.) e os indicadores de logro (Ind. Logro.) que se terán en conta son:

Ind.Logro	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recolle no proxecto as necesidades da modificación do novo espazo.</li> <li>- Inclúe presupostos das obras que se queren realizar e do material necesario.</li> <li>- Presenta o proxecto coa finalidade de conseguir algunha dotación económica que axude o desenvolvemento do mesmo.</li> </ul>
	<p><b>Crit.</b> Seguir desenvolvendo a formación de usuarios.</p>
Ind.Logro	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolve actividades que favorecen o coñecemento da CDU.</li> <li>- Expón ferramentas que axudan á busca autónoma dos recursos na biblioteca.</li> <li>- Propón dinámicas para aprender a realizar o autoempréstito.</li> <li>- Implica ás familias e o PAS na formación de usuarios.</li> </ul>
	<p><b>Crit.</b> Impulsar os recursos que ofrece a biblioteca.</p>
Ind.Logro	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dinamiza os recursos a través do blog, polas aulas e os corredores.</li> <li>- Favorece o préstamo e a mobilidade de recursos a través das distintas aulas e equipos.</li> </ul>
	<p><b>Crit.</b> Incentivar actividades de investigación, creatividade e pensamento crítico.</p>
Ind. Logro	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coordina un Proxecto Documental Integrado entre todo o centro.</li> <li>- Suxire pequenas actividades de investigación.</li> <li>- Apoia os proxectos de aula.</li> <li>- Promove obradoiros para elaborar a través da creatividade.</li> <li>- Pon a disposición da comunidade recursos que promovan a creatividade.</li> <li>- Dá ferramentas para desenvolver o pensamento crítico.</li> </ul>
	<p><b>Crit.</b> Mellorar a porcentaxe de libros informativos e de ficción.</p>
Log	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aumenta a porcentaxe de libros informativos, en comparación cos de ficción.</li> </ul>
	<p><b>Crit.</b> Promover a lectura e a escritura.</p>
Ind.Logro	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Deseña itinerarios lectores interesantes.</li> <li>- Promove clubs de lectura.</li> <li>- Realízase a Hora de Ler.</li> <li>- Móvense as mochilas viaxeiras.</li> <li>- Promociona outras actividades de lectura.</li> <li>- Realízanse obradoiros ou actividades relacionadas coa escritura.</li> </ul>
	<p><b>Crit.</b> Expurgar os libros da biblioteca.</p>



o oarco	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Respecta os criterios de expurgo.</li> <li>- Realízase o expurgo.</li> </ul>
	<p><b>Crit.</b> Fomentar o uso da biblioteca e os seus recursos na comunidade educativa.</p>
Ind. Logro	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Promove o préstamo nas familias, PAS, alumnado e profesorado.</li> <li>- Abre as portas da biblioteca a toda a comunidade.</li> <li>- Colabora coa biblioteca municipal e bibliotecas doutros centros educativos do contorno próximo.</li> </ul>
	<p><b>Crit.</b> Facilitar o acceso, o desenvolvemento e a comprensión de materiais.</p>
dar	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Revisa e inclúe material inclusivo na biblioteca inclusivo.</li> <li>- Integra dentro do proxecto da nova biblioteca medidas inclusivas.</li> </ul>